



RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2019, da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se resolve a convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Lira aprobado para o ano 2019.

- **Antecedentes.**

1. A Orde de 20 de decembro de 2018 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2018), aproba o plan de xestión para o recurso específico percebe modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Lira (artigo 2, cadro A), que contempla a cobertura das vacantes de embarcacións e tripulantes que se produzan.
2. Na renovación do recurso específico percebe do ano 2019, prodúcese a vacante dunha embarcación con dúas acreditacións para tripulantes. Polo que se convoca unha (1) embarcación con dúas (2) acreditacións.
3. A resolución do 27 de setembro de 2019 da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña inicia o proceso selectivo para o outorgamento das prazas aprobadas no plan de explotación, e establece un prazo de 15 días hábiles para a presentación das solicitudes.
4. Os días 28 e 30 de outubro de 2019, dende esta Xefatura Territorial, envíanse emendas á documentación das embarcacións presentada a esta convocatoria, e concedéelles un prazo de 10 días para que axunte os documentos requiridos. A documentación entra en prazo.
5. A resolución do 28 de novembro de 2019 da Xefatura Territorial, resolve provisionalmente a convocatoria e establece un prazo de 15 días para presentar alegacións.

- **Consideracións legais e técnicas**

Non se presentaron alegacións á resolución do 28 de novembro de 2019 que resolve de xeito provisional a adxudicación da modalidade de percebe a unha embarcación con dúas acreditacións para a extracción de percebes na zona (ZV).





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal 2 - 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000 Fax: 981 182 228



Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Asignar a modalidade do recurso específico percebe con dúas acreditacións no permiso de explotación á embarcación:

- DICHOSO (CO-6-2-97) de Agustín Félix Dosil Caamaño (DNI:33.264.455S).

A persoa armadora da embarcación seleccionada deberán presentar, no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva, a seguinte documentación para obtención da modalidade e a asignación final das acreditacións á embarcación:

a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.

b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude.

A xefatura territorial ditará resolución concedendo ou denegando a modalidade do recurso específico, conforme ao establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da consellería do Mar na Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Lira e na xefatura comarcal de Ribeira.

O xefe territorial

Por delegación de funcións por Resolución de 6 de novembro de 2019)
(artigo 5.5 Orde do 8 de setembro de 2017, DOG núm 180 do 21/09/2017)

A xefa do Servizo de Recursos Mariños

M^a José Cancelo Baquero



Xacobeo 2021

